



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 07/06/2010 11  
**Nº Rexistro: 37047**  
Data envío: 07/06/2010 11:22:59.144

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á adopción de medidas para garantir o dereito da frota pesqueira galega á adquisición de gasolina utilizada profesionalmente como combustíbel coas correspondentes exencións fiscais.

Aproximadamente 1.800 embarcacións pesqueiras, percebeiras, de marisqueo a frote ou de recursos específicos, distribuídas en practicamente todos os portos da nosa nación utilizan a gasolina como carburante. Este combustíbel, a diferenza do gasóleo, aínda contando cun tratamento fiscal específico, segue sen posuír nos portos galegos (agás o da Coruña) un tratamento real como combustíbel profesional.

Esta marxinación obxectiva é especialmente grave nun contexto de crise económica como a que se está a padecer, tamén no sector pesqueiro, no que ademais hai tempo que se está a producir unha suba xeralizada do prezo dos combustíbeis.

Cumpre, a xuízo do BNG, pór fin a esta situación ilóxica e desigual sobre o mesmo colectivo, articulando as medidas precisas tendentes a aplicar na práctica un obxectivo perfectamente plausíbel e legal: a minoración do prezo da gasolina nas embarcacións pesqueiras, a través dun mesmo tratamento fiscal –execución do imposto de hidrocarburos- que o gasóleo profesional.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

En xuño de 2010 un litro de gasolina –nas condicións descritas- custa como media 1'20 euros. Porén, o prezo do litro de gasóleo pesqueiro (aplicada a exención) é de 0'51 euros. A diferenza está á vista.

Mais a experiencia protagonizada polo sector de baixura do porto da Coruña demostra que é posíbel reducir o prezo da gasolina practicamente á metade de existir vontade política. Así, as xestións emprendidas permiten –só nese porto- o subministro de gasolina considerada como combustíbel profesional. Esta experiencia pode e debe ser trasladada a moitos outros portos polo ben e o futuro do sector de baixura. É increíble que existindo a posibilidade de rebaixar substancialmente os prezos dos combustíbeis pola vía legal, non se adopte ningunha medida ao respecto por falta de iniciativa institucional e vontade política desde a Xunta de Galiza.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

1.º) Adoptar as medidas precisas para posibilitar a aplicación práctica da legalidade vixente a fin de acadar a consideración real da gasolina como combustíbel profesional e, daquela, posibilitar a rebaixa dos prezos da gasolina ás embarcacións pesqueiras (profesionais) que utilizan este combustíbel.

2.º) Pór en marcha un programa de instalacións de depósitos e surtidores de gasolina nos portos galegos que permita a subministración de gasolina ás embarcacións coas exencións fiscais previstas na lei.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/06/2010 11  
Nº Rexistro: 37047

Data envío: 07/06/2010 11:22:59.144

3.º) Estabelecer, con estes obxectivos, negociacións entre a Consellaría do Mar, empresas subministradoras, Ente Público Portos de Galiza, Autoridades Portuarias de portos de interese xeral do Estado existentes na Galiza, e representantes do sector pesqueiro galego de baixura.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 07/06/2010 11:22:09**